GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

# CONTAR PARA OLVIDAR

## GRUPO DE LECTURA E ACOMPAÑAMENTO AO FESTIVAL ESCENAS DO CAMBIO

## GRUPO DE LECTURA Y ACOMPAÑAMIENTO AL FESTIVAL ESCENAS DO CAMBIO



ESCENAS DO CAMBIO

GA

# CONTAR PARA OLVIDAR

## GRUPO DE LECTURA E ACOMPAÑAMENTO AO FESTIVAL ESCENAS DO CAMBIO

*Escenas do Cambio* convida a profesionais da interpretación, bailaríns, performers, estudantes, coreógrafos... a participar no Grupo de lectura e acompañamento ao festival *Contar para olvidar*, no que repensar os procesos creativos da man da investigadora e teórica en artes escénicas Isabel de Naverán e a coreógrafa Idoia Zabaleta. Dividido en dúas partes, os participantes asistirán a un grupo de lectura, máis teórico, e un grupo de acompañamento ao festival, onde se reflexionará, dialogará e escribirá ao redor das obras programadas en Escenas do Cambio.

### Grupo de lectura coordinado por Isabel de Naverán

Do 28 ao 30 de xaneiro de 2016
De 11:00 a 14:00 horas.
Aula Didáctica do Museo Centro Gaiás

### Grupo de acompañamento ao festival coordinado por Idoia Zabaleta

Do 1 ao 5 de febreiro de 2016
De 11:00 a 14:00 horas
Aula Didáctica do Museo Centro Gaiás

"Non o estou a contar para recordalo. Ao contrario, estou a facelo así para estar seguro de que esquecín", di Rabih Mroué. E o que fai para esquecer é contar, contar unha e outra vez ata que a estrutura narrativa do conto se desvela, deixando ao desnudo unha posible verdade: a do mecanismo do relato.

Podemos preguntarnos se detrás do "volver a contar" a Historia da danza non se atopa un desexo semellante, o de amosar como foi contada, quen o fixo e baixo que circunstancias. Neste grupo de lectura percorreremos tres aspectos detectados en coreografías reconstruídas nos últimos anos: o primeiro ten que ver coa controversia de toda reconstrución, é dicir, coa imposibilidade de recuperación da historia tal e como foi; o segundo co arquivo en relación ao corpo, co documento en relación á verdade e por extensión co papel do biográfico na historia colectiva; e o terceiro, suma dos dous anteriores, trata de entender os efectos físicos dunha vivencia singular que ten lugar cando se habita a técnica creada por un corpo distinto ao que baila.

Compartiremos textos de André Lepecki, Rebecca Schneider, Rabih Mroué, Olga de Soto, Victoria Pérez Royo, Janez Jansa ou Pedro G. Romero. Veremos imaxes e debatiremos sobre elas, leremos en alto, escribiremos e traballaremos en pequenos grupos.

**ISABEL DE NAVERÁN.** É investigadora e teórica en artes escénicas. É membro de Bulegoa Zenbaki Barik, unha oficina de arte e coñecemento localizada en Bilbao, e forma parte do grupo de investigación ARTEA, de Madrid. Dedícase principalmente á escritura de ensaio crítico e á creación de contexto no que se deu en chamar a coreografía espandida. É Doutora en Belas Artes pola Universidade do País Vasco; forma parte do equipo do Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual (MNCARS, UCLM, Madrid). Forma parte do consello editorial de Cairon. Revista de estudios de danza, e é editora do libro Hacer Historia. Reflexiones desde la práctica de la danza (2010) e co-editora de Lecturas sobre danza y coreografía (2013) e de Cuerpo y cinematografía (2008).

(www.arte-a.org)
(www.bulegoa.org)

**IDOIA ZABALETA.** Coreógrafa. Na Facultade de Bioloxía especializouse en ecosistemas e dinámica de poboacións. Estuda nova danza e improvisación en Barcelona, Florencia, Amsterdam e Nova York. Traballa coa compañía Mal Pelo entre 1995 e 1999. Desde o ano 2000 coproduce e crea o seu propio traballo, colaborando con outros artistas e investigadores como Isabel de Naverán, Filipa Francisco, Antonio Tagliarini, Claudia Dias, Sofia Asencio entre outros. O seu traballo puido verse en festivais e encontros de ámbito internacional. Imparte clases en diversos masters e cursos de posgrao. Forma parte do equipo do Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual (MNCARS, UCLM, Madrid). Desde 2008, constrúe e goberna xunto con Juan González, o espazo de creación e residencias artísticas AZALA, situado no mesmo pobo onde vive.

(www.azala.es)

## INFORMACIÓN PRÁCTICA:

Do 28 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2016
De 11 a 14 horas.
Aula didáctica do Museo Centro Gaiás.

Dirixido a: estudantes de Belas Artes, Historia da Arte, Ciencias da Comunicación, Artes Visuais, Teatro, artistas, actores, bailaríns, creadores, coreógrafos, performers…

**PROCESO DE INSCRICIÓN:**
Do 11 ao 18 de xaneiro.
15 prazas
De balde previa demanda de praza no mail actividades@cidadedacultura.org.
Requisitos: Currículum Vitae (máximo: un folio) e carta de motivación.

(Con dereito a asistir a todas as funcións de Escenas do Cambio de balde, comidas incluídas).

**SELECCIÓN:**
O día 21 de xaneiro darase a coñecer a lista de seleccionados. A Cidade da Cultura porase en contacto con eles de forma persoal.

Selecciona: Isabel de Naverán, Idoia Zabaleta, Pablo Fidalgo Lareo e María Pereira Otero.

CA

# CONTAR PARA OLVIDAR

## GRUPO DE LECTURA Y ACOMPAÑAMIENTO AL FESTIVAL ESCENAS DO CAMBIO

*Escenas do Cambio* invita a profesionales de la interpretación, bailarines, performers, estudiantes, coreógrafos... a participar en el Grupo de lectura y acompañamiento al festival *Contar para olvidar*, en el que repensar los procesos creativos de la mano de la investigadora y teórica en artes escénicas Isabel de Naverán y la coreógrafa Idoia Zabaleta. Dividido en dos partes, los participantes asistirán a un grupo de lectura, más teórico, y un grupo de acompañamiento al festival, donde se reflexionará, dialogará y escribirá alrededor de las obras programadas en Escenas do Cambio 2016.

### Grupo de lectura coordinado por Isabel de Naverán

Del 28 al 30 de enero de 2016
Horario: de 11:00 a 14:00 horas.
Aula Didáctica del Museo Centro Gaiás

### Grupo de acompañamiento al festival coordinado por Idoia Zabaleta

Del 1 al 5 de febrero de 2016
De 11h a 14h
Aula Didáctica del Museo Centro Gaiás

"No lo estoy contando para recordarlo. Al contrario, lo estoy haciendo así para estar seguro de que he olvidado", dice Rabih Mroué. Y lo que hace para olvidar es contar, contar una y otra vez hasta que la estructura narrativa del cuento se desvela, dejando al desnudo una posible verdad: la del mecanismo del relato.

Podemos preguntarnos si detrás del "volver a contar" la Historia de la danza no se encuentra un deseo similar, el de mostrar cómo ha sido contada, quién lo ha hecho y bajo qué circunstancias. En este grupo de lectura recorreremos tres aspectos detectados en coreografías reconstruidas en los últimos años: el primero tiene que ver con la controversia de toda reconstrucción, es decir, con la imposibilidad de recuperación de la historia tal y como fue; el segundo con el archivo en relación al cuerpo, con el documento en relación a la verdad y por extensión con el papel de lo biográfico en la historia colectiva; y el tercero, suma de los dos anteriores, trata de entender los efectos físicos de una vivencia singular que tiene lugar cuando se habita la técnica creada por un cuerpo distinto al que baila.

Compartiremos textos de André Lepecki, Rebecca Schneider, Rabih Mroué, Olga de Soto, Victoria Pérez Royo, Janez Jansa o Pedro G. Romero. Veremos imágenes y debatiremos sobre ellas, leeremos en alto, escribiremos y trabajaremos en pequeños grupos.

**ISABEL DE NAVERÁN.** Isabel de Naverán es investigadora y teórica en artes escénicas. Es miembro de Bulegoa Zenbaki Barik, una oficina de arte y conocimiento ubicada en Bilbao, y es parte del grupo de investigación ARTEA, de Madrid. Se dedica principalmente a la escritura de ensayo crítico y a la creación de contexto en lo que se ha venido llamar la coreografía expandida. Es Doctora en Bellas Artes por la Universidad del País Vasco; forma parte del equipo del Máster en Práctica Escénica y Cultura Visual (MNCARS, UCLM, Madrid). Forma parte del consejo editorial de Cairon. Revista de estudios de danza, y es editora del libro Hacer Historia. Reflexiones desde la práctica de la danza (2010) y co-editora de Lecturas sobre danza y coreografía (2013) y de Cuerpo y cinematografía (2008).

(www.arte-a.org)
(www.bulegoa.org)

**IDOIA ZABALETA.** Coreógrafa. En la Facultad de Biología se especializó en ecosistemas y dinámica de poblaciones. Estudia nueva danza e improvisación en Barcelona, Florencia, Amsterdam y Nueva York. Trabaja con la compañía Mal Pelo entre 1995 y 1999. Desde el año 2000 coproduce y crea su propio trabajo, colaborando con otros artistas e investigadores como Isabel de Naverán, Filipa Francisco, Antonio Tagliarini, Claudia Dias, Sofia Asencio entre otros. Su trabajo ha podido verse en festivales y encuentros de ámbito internacional. Imparte clases en diversos masters y cursos de postgrado. Forma parte del equipo del Máster en Práctica Escénica y Cultura Visual (MNCARS, UCLM, Madrid). Desde 2008, construye y gobierna junto con Juan González, el espacio de creación y residencias artísticas AZALA, situado en el mismo pueblo donde vive.

(www.azala.es)

## INFORMACIÓN PRÁCTICA:

Del 28 de enero al 5 de febrero de 2016
De 11 a 14 horas.
Aula didáctica do Museo Centro Gaiás.

Dirigido a: estudiantes de Bellas Artes, Historia del Arte, Ciencias de la Comunicación, Artes Visuales, artistas, actores, bailarines, creadores, coreógrafos, performers…

### PROCESO DE INSCRIPCIÓN:

Del 11 al 18 de enero
15 plazas
Gratuito previa demanda de plaza en el mail actividades@cidadedacultura.org.
Requisitos: Currículum Vitae (máximo: un folio) y carta de motivación.

(Con derecho a asistir a todas las funciones de Escenas do Cambio tgratis, comidas incluidas).

### SELECCIÓN:

El día 21 de enero se dará a conocer la lista de seleccionados. La Cidade da Cultura se pondrá en contacto con ellos de forma personal.

Selecciona: Isabel de Naverán, Idoia Zabaleta, Pablo Fidalgo Lareo y María Pereira Otero.


ESCENAS
DO CAMBIO